

**Aprobado no Consello de Goberno do día 4 de xuño de 2003**

Substituír provisionalmente o texto do **Artigo 18** do Regulamento de constitución de Departamentos por:

*“O Director do Departamento será elixido polo Consello de Departamento entre funcionarios doutores dos corpos docentes universitarios, segundo o proceso seguinte:*

- a) *Será elixido o candidato que obteña máis votos afirmativos e que acade a maioría absoluta dos presentes . No caso de que máis de un candidato obtivera máis votos afirmativos que negativos e que ningún deles alcanzara a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous candidatos máis votados, sendo elixido o candidato que obteña maior número de votos. Se neste último procedemento non se alcanzara a maioría absoluta dos presentes, deberanse convocar elección nun prazo máximo de 3 meses.*
- b) *No caso de non haber ningún candidato que acade o apoio maioritario do Consello de Departamento, nos Departamentos constituídos sobre as Áreas ás que se refire o apartado 3 dos artigos 58 e 59 da Lei Orgánica de Universidades, poderán ser elixidos Directores funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores. O procedemento de elección será o mesmo de apartado a).*

*En todo caso, o candidato elixido deberá estar acollido ó réxime de dedicación a tempo completo. Se nun Departamento non se puidese realizar elección, o Reitor nomeará “en funcións” e segundo a xerarquía de categoría, antigüidade e idade, ó profesor que non incorra en incompatibilidade”.*

**NORMAS PROVISIONAIS DE ADAPTACIÓN Á LOU**

**1 – DEPARTAMENTOS**

**REGULAMENTO DE CONSTITUCIÓN DE DEPARTAMENTOS:**

Substituír o inciso primeiro do apartado 1º do artigo 18 do Regulamento de Constitución de Departamentos (art. 25 LOU) por:

***“O Director do Departamento será elixido polo Consello de Departamento entre os profesores doutores con vinculación permanente á Universidade, segundo o proceso seguinte”:***